



Biblioteca do IES *Auga da Laxe*
Un Nadal de libros



www.augadalaxe.com
bibliolaxe.blogspot.com

Biblioteca do IES *Auga da Laxe*
Decembro de 2006
Un Nadal de libros



En canto aprendemos a falar, comezamos a sentir avidez polos relatos. Os que sexamos capaces de rememorar a nosa infancia lembraremos a ansia con que saboreabamos o conto que nos contaban na cama, o momento en que o noso pai, ou a nosa nai, sentaba na penumbra ao noso carón cun libro e líanos un conto de fadas. Imos medrando, pero non cambiamos. Volvémonos máis refinados, pero no fondo seguimos sendo como cando eramos pequenos, criaturas que esperan ansiosamente que lles conten outra historia, e a seguinte, e outra máis.

Paul Auster

Fragmento do discurso da entrega do Premio Príncipe de Asturias, 2006

1º e 2º de ESO




Carlo Fabretti, *Malditas matemáticas*, Ed. Anaya.

Neste libro, a maior aventura para a protagonista Alicia, e para todos os lectores, será descubrir que as matemáticas non só son útiles senón tamén divertidas.

Jordi Sierra i Fabra, *El asesinato del profesor de Matemáticas*, Ed. Anaya.

Este libro é un xogo, un divertimento: un profesor propón ós alumnos un xogo como exame para aprobar as matemáticas. O venres pola tarde, o profesor morre, pero...




Cornelia Funke, *Cornelia Funke cuenta cuentos sobre devoradores, fantasmas de desvanes y otros héroes*, Edaf.

Estes contos están habitados por personaxes fantásticas que viven situacións aínda máis fantásticas. Son historias breves, divertidas, tenras, absurdas...

Gerald Durrell, *Mi familia y otros animales*, Alianza Editorial. (1º ESO)

Relato autobiográfico da infancia do zoólogo Gerald Durrell na illa grega de Corfú, onde residiu durante uns anos oca súa excéntrica e divertida familia e mais "outros animais".



Isaac Asimov, *Viaje alucinante*, Nuevas Ediciones de Bolsillo. (2º ESO)

Un eminente científico está en coma a causa dun coágulo cerebral. Operalo significaría a súa morte e a perda dun descubrimento vital para a humanidade. Un grupo de sabios inxecta no torrente circulatorio do paciente unha nave miniaturizada tripulada por un grupo de médicos. Próxima parada: o cerebro.

Alan Brown, *Las religiones del mundo*. Ed. Elfos.

Esta guía ilustrada responde moitas preguntas. Nela os nenos presentan as súas reflexións e explican en que cren, en que consiste a súa práctica relixiosa, como viven e que festas celebran. Desa maneira lógrase unha visión amena da diversidade das relixións, das súas semellanzas e das súas diferenzas. O libro defende o respecto polas crenzas doutras persoas.




3º e 4º de ESO



Carlo Fabretti, *El gran juego*, Ed. Alfaguara.

Un día, buscando un compañeiro de xogo, Leo conecta mediante o seu ordenador cunha misteriosa personaxe que lle propón unha serie de estrañas adiviñas lóxicas e aparentemente intrascendentes pero cargadas de significado".

Katia Mrowiec, *Dios, Yahvé, Alá: Los grandes interrogantes en torno a las tres religiones*. Ed. Edebé 2006



Este libro formula máis dun cento de preguntas que, realmente, foron formuladas por mozos en relación con estas tres grandes relixións co fin de coñecer mellor a propia relixión e a vida dos crentes.

Olga Ruibal; Anna Serrano, *Respira unos minutos*, Ed. INDE (libro+DVD).

Neste libro pódense atopar pautas e exercicios sinxelos, que pode realizar calquera persoa durante uns minutos ao día e en calquera sitio para eliminar a tensión acumulada e axudar a calmar a mente. Ofrece a posibilidade de contrarrestar a forma de vida actual que fai que o sistema nervioso sempre estea excitado e non se lle dea descanso á mente.



Javier García Sánchez, *El Alpe d'Huez*, Ed. Planeta.

Esta novela é un alegato da épica humana, do sufrimento, da motivación, da constancia, das batallas internas e da extenuación. Conta a historia dun ciclista ao que todos chaman Jabato, na saída da etapa máis dura do Tour de Francia: o Alpe d'Huez. Ten máis de 36 anos e ninguén conta con el. Todo o mundo sabe que é imposible que un home tan veterano poida resistir. Pero Jabato é teimudo e a súa tolerancia chega, ás veces, a semellar sensata. Unha novela densa, para os que teñan gusto polo deporte, en especial polo ciclismo.



Pedro Ángel López Minarro, *Mitos y falsas creencias en la práctica deportiva*, Ed. INDE.


Este libro ofrece unha nova visión sobre conceptos básicos como o flato, as maniotas, etc., que normalmente se dan por certos pero que constitúen un erro. Berber auga con sucre para evitar as maniotas, suar para adelgazar, nadar para corrixir desviacións da columna... son algunhas das falsas crenzas e prácticas erróneas. Neste libro estúdase o porqué de cada unha delas, as súas implicacións a

nivel de saúde e as correccións para realizar as cousas dunha maneira efectiva e segura. Un libro de utilidade para toda a familia.



Bruno Ernst e Maurits Cornelis Escher, *El espejo mágico de M.C. Escher*. Editorial Taschen.

Escher é un construtor de mundos imposibles que co rigor dun xeómetra representa o que nunca poderá existir. O resultado é un alucinante xogo intelectual coa perspectiva e o infinito, que confronta ao espectador cos límites e os condicionamentos dos seus sentidos. No libro descríbese como «funcionan» algunhas das técnicas de ilusión creadas por Escher, tales como o uso dos puntos de fuga nas perspectivas, o porqué das figuras imposibles e outros detalles curiosos.



Scientific American, *Cuestiones curiosas de ciencia*, Alianza Editorial.


Os expertos da prestixiosa (e famosa) revista *Scientific American* responden a dúzias de preguntas sobre Astronomía, Bioloxía, o ser humano, Química, Ciencias da Terra, Matemáticas, Informática e Física.

a cabo o proceso da vida? A conclusión do autor é sorprendente.

Miguel Delibes de Castro, *La naturaleza en peligro*. Editorial Destino.

(Ciencias da Terra, 2º de bacharelato)

Esta obra trata sobre a diversidade das formas de vida no noso planeta. Cóntanos cantas especies hai, onde están, como xorden, as razóns pola que se extinguen, cal é a responsabilidade humana na súa desaparición.




Richard Fortey, *Trilobites!* Editorial Laetoli.

(Xeoloxía, 2º de bacharelato)
O mellor especialista do mundo en trilobites (e dos mellores divulgadores científicos) pretende que vexamos o mundo desde os ollos destes animais desaparecidos hai 245 millóns de anos.

Jostein Gaarder, *El mundo de Sofía*, Ed. Siruela.

Esta extraordinaria obra de divulgación que se converteu xa nunha obra de culto aporta unha coherente visión de conxunto sobre aqueles aspectos imprescindibles para comprender a historia da filosofía occidental. *El mundo de Sofía* ten o mérito de conxugar acertadamente rigor e amenidade nunha narración na que unha moza vai ir coñecendo a súa propia identidade mentres descobre a capacidade humana de facer preguntas.



Aldous Huxley, *Un mundo feliz*, Plaza y Janés.

Un mundo feliz é un clásico da literatura deste século. Cunha ironía mordaz, o autor plasma unha sombría metáfora sobre o futuro, con previsións que se foron materializando, acelerada e inquietantemente, nos últimos anos. A novela describe un mundo no que finalmente se cumpriron os peores presaxios: dominan os deuses do consumo e a comodidade e sacrificáronse valores humanos esenciais.

Abdel-Qadir, *El sentido de la vida: Lo que enseñan las grandes religiones en cinco relatos para todas las edades*. Ed. Salamandra.

Quen son? Cal é o meu lugar no mundo? Vivir non é asunto sinxelo e coa chegada da adolescencia multiplícanse as preguntas sobre o sentido da vida, nun mundo complexo e cheo de contradicións. Este libro presenta cinco relatos amenos que ilustran como as grandes relixións do mundo contestan as preguntas importantes da vida.



PARA TODOS

Christopher Frayling, Helen Frayling e Ron Van der Meer, *Carpeta de Arte*.

Ilustrador: Paul Crompton. Editorial Destino.
Guía práctica que nos explica como os artistas do pasado lograron os seus efectos visuais e como poder "ler" as imaxes producidas por eses medios. O libro fala da perspectiva, da luz, a cor, o movemento, a proporción, a composición e a forma.

É unha irresistible aproximación ao mundo da arte a través dos sentidos. A carpeta inclúe despregables, modelos tridimensionais, xogos e fantásticas ilustracións.



Hans Magnus Enzensberger, *El diablo de los números*, Ed. Siruela.

O autor preséntanos a Roberto, un asombrado neno que ó inicio do libro odia as matemáticas e, pouco a pouco, conforme transcurren os seus máxicos soños, aumenta a súa fascinación polos números, os símbolos e as súas combinacións que lle parecen cousa de maxia.



Arturo Pérez Reverte, *Corsarios de Levante*, Alfabara.



Esta nova entrega do capitán Alatraste transcorre no Mediterráneo a bordo de *La Mulata*, unha galera de 24 bancos.

Fernando Marías, *Cielo abajo*, Anaya.

Volvemos a recomendar este libro pois vén de acadar o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. O autor di que é unha novela épica sobre a batalla de Madrid e sobre os militares. É unha historia de amizade e lealdade, unha grande e trágica historia de amor e unha homenaxe á figura do xeneral republicano Vicente Rojo e a todas as mulleres progresistas dos anos trinta.



F.A. Palacios; J.C. Fuertes; J. Cabrera, *¿Hay vida después de las drogas?*, Arán Ediciones. (3º e 4º ESO – Ciencias Medioambientais e da Saúde de 3º e 4º ESO. Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO)

De forma práctica, sinxela e rigorosa este pequeno manual meterate no mundo das drogodependencias para que saibas máis sobre elas, sobre como recoñecelas, como tratalas, como loitar contra elas. Si, hai vida despois de... as drogas.

Santiago Jaureguizar, *A Cova das Vacas Mortas*, Ed. Xerais.

Xoel é un mozo que vive coa súa nai, de orixe alemá, nunha comuna na aldea de Foxo, preto do encoro de Salime. Farto da vida que leva, soña con poder marchar e embarcar nun petroleiro. A súa vida muda o día en que o seu avó, viúvo e enfermo de alzheimer, chega dende Berlín.



Juan Luis Arsuaga, *Los aborígenes: la alimentación en la evolución humana*, RBA Libros. (Ciencias medioambientais e da Saúde, 3º e 4º de ESO; Bioloxía e Xeoloxía, 4º de ESO)



Hai máis de tres millóns de anos, a seca azouta a sabana africana. Non hai froita nin gromos tenros. Un grupo de australopitecos está a piques de morrer de fame e sede. Pero entón unha curiosa e espelida adolescente descobre unha nova fonte de alimento: o miolos dos ósos dos herbívoros mortos. Este descubrimento será crucial na evolución da nosa especie.

Miguel Delibes; Miguel Delibes de Castro, *La tierra herida: ¿qué mundo heredarán nuestros hijos?* Editorial Destino. (ACM de Diversificación curricular de 4º de ESO)

A responsabilidade humana nos cambios ambientais aos que teremos que enfrontarnos nun futuro próximo, contada en forma de diálogo entre un cidadán preocupado, o escritor Miguel Delibes, e un científico experto, o seu fillo Miguel Delibes de Castro.





Valentín Fuster, *La ciencia de la salud*, Editorial Planeta.

(Ciencias medioambientais e da Saúde, 3º e 4º de ESO)

O autor ofrece uns consellos básicos para coidar a saúde e mellorar a calidade de vida. Presenta nunha linguaxe clara e amena o que a medicina sabe hoxe en día sobre algúns dos problemas de saúde que máis preocupan aos cidadáns: control do peso, colesterol, hipertensión, adicción ao tabaco e alcol, estrés... O obxectivo do libro é ofrecer as ferramentas e datos necesarios para que cada un poida tomar as decisións que considere oportunas sobre a súa propia saúde.

Abdel-Qadir, *El sentido de la vida: Lo que enseñan las grandes religiones en cinco relatos para todas las edades*. Ed. Salamandra.



¿Quen son? ¿Cal é o meu lugar no mundo? Vivir non é asunto sinxelo e coa chegada da adolescencia multiplícanse as preguntas sobre o sentido da vida, nun mundo complexo e cheo de contradicións. Este libro presenta cinco relatos amenos que ilustran como as grandes relixións do mundo contestan as preguntas importantes da vida.

Os papalagi, Edicións Positivas



Os papalagi é o nome co que os habitantes de Samoa denominaban o home branco, ou o home co que as divindades polinesias anunciaron que había chegar do ceo para salvarlos e facelos grandes. Baixo ese epígrafe agrúpanse un conxunto de discursos e reflexións sobre a civilización occidental, orixinariamente escritos en lingua nativa e atribuídos a Tuiavii, xefe

BACHARELATO

da tribo de Tiavea.




Antonio Muñoz Molina, *El viento de la luna*, Seix Barral.

El viento de la luna é unha novela ambientada en Mágina, cidade imaxinaria doutros libros do autor. O protagonista é un rapaz que inicia a súa adolescencia nun contorno rural, namorado da lectura e fascinado pola chegada do primeiro home á

lua.

Denis Guedj, *El teorema del loro*, Editorial Anagrama.

Unha "historia das matemáticas" novelada.




Malva Tahan, *El hombre que calculaba*, Ed. Veron.

A través das palabras coas que o narrador relata as distintas vicisitudes nas que participa o protagonista, o lector percibe o seu talento para dominar as matemáticas. Esta sabedoría vai acompañada por unha reflexión que, por encima de todos os

detalles, busca e sempre atopa unha razón ética, de xustiza, para facer desaparecer os problemas.

Almudena Grandes, *Estaciones de paso*, Tusquets.

Cinco relatos nos que a autora indaga sobre o paso da adolescencia á madurez.



Alberto Méndez, *Los girasoles ciegos*, Anagrama. Premio da Crítica de narrativa 2005. Premio Nacional de Literatura 2005.

Catro historias contadas desde a mesma linguaxe pero coas voces propias de distintos narradores que van perfilando a verdadeira protagonista desta narración: a derrota.

Xavier Quiroga, *Era por setembro*, Ed. Xerais.

Aldara, a recente ministra do goberno de esquerdas, regresa á súa vila natal para asistir a un enterro, o que a leva a lembrar o que sucedeu alí trinta anos atrás, coincidindo coa súa adolescencia.



Félix A. Palacios; José C. Fuertes; José Cabrera, *Las drogas: tópicos, luces y sombras*. Editorial Debate. (Bioloxía e Xeoloxía, 1º de bacharelato. Bioloxía, 2º de bacharelato)

Está escrito por tres expertos con experiencia no tratamento de toxicómanos. Pretenden aclarar as dúbidas que as drogas suscitan: tipos, consecuencias e complicacións que o seu uso ou abuso pode provocar, graos de adicción, causas da drogodependencia e tratamento. Tamén dan a coñecer as gravísimas consecuencias que o consumo de alcol está provocando hoxe nos adolescentes e case nenos.


Miguel Delibes; Miguel Delibes de Castro, *La tierra herida: ¿qué mundo heredarán nuestros hijos?* Editorial Destino.

(Ciencias da Terra, 2º de bacharelato)



A responsabilidade humana nos cambios ambientais aos que teremos que enfrontarnos nun futuro próximo, contada en forma de diálogo entre un cidadán preocupado, o escritor Miguel Delibes, e un científico experto, o seu fillo Miguel Delibes de Castro.

Valentín Fuster, *La ciencia de la salud*, Editorial Planeta. (Bioloxía e Xeoloxía, 1º de bacharelato)



O autor ofrece uns consellos básicos para coidar a saúde e mellorar a calidade de vida. Presenta nunha linguaxe clara e amena o que a medicina sabe hoxe en día sobre

algúns dos problemas de saúde que máis preocupan aos cidadáns: control do peso, colesterol, hipertensión, adicción ao tabaco e alcol, estrés... O obxectivo do libro é ofrecer as ferramentas e datos necesarios para que cada un poida tomar decisións sobre a súa propia saúde.

Pilar Cristóbal, *También los jabalíes se besan en la boca (y otras curiosidades sexuales de los animales)*. Editorial Temas de Hoy

(Bioloxía e Xeoloxía, 1º de bacharelato)

É un libro ameno e suxerente para aprender, rirse e sorprenderse da intensa vida sexual dos habitantes da Arca de Noé.



Bryan Sykes, *La maldición de Adán*, Editorial Debate. (Bioloxía, 2º de bacharelato)

Ofrécese un panorama exhaustivo sobre o futuro xenético masculino. Chegaremos a un mundo onde os homes non serán necesarios para a reprodución da especie? Serán as mulleres autosuficientes para levar